

# Matrícula

## 1. Prematrícula nos Centros

O alumnado formalizará a súa solicitude de matrícula para a proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU) nas datas que determine a CiUG.

CONVOCATORIA ORDINARIA			CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA
MAIO 2018			SETEMBRO 2018
Xoves	Venres	Luns	Xoves
<b>24</b>	<b>25</b>	<b>28</b>	<b>6</b>

O alumnado entregará a solicitude na secretaría do centro en que superasen o segundo curso do Bacharelato. Os que obtivesen o título de Bacharel ou equivalentes en convocatorias anteriores presentarán a súa solicitude no lugar de entrega e recollida de documentación (LERD) que lle corresponda ao seu centro ou no que lle corresponda ao centro máis próximo ao seu lugar de residencia, ou mediante o procedemento telemático establecido pola CiUG.

O alumnado indicará na súa solicitude os seus datos persoais e as materias elixidas para a realización da proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU). Así mesmo, poderá solicitar a exención do exercicio de Lingua Galega e Literatura II prevista no artigo 3.3 do RD 310/2016, do 29 de xullo, aquel alumnado con exención da materia de Lingua Galega e Literatura II.

## 2. Matrícula Ordinaria

Os centros de educación secundaria informatizarán os datos persoais, académicos e de matrícula para a proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade do seu alumnado (**Matrícula Ordinaria**); tamén facilitarán, se procede, as actas e as certificacións das cualificacións de bacharelato, nos prazos e segundo o procedemento que estableza a CiUG.

CONVOCATORIA ORDINARIA		CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA
MAIO 2018		SETEMBRO 2018
Mércores	Xoves	Venres
<b>30</b>	<b>31</b>	<b>7</b>

Os e as estudantes que desexen concorrer á proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade deberán aboar as taxas correspondentes, de acordo co disposto no decreto en que se fixen os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario. A CiUG facilitará aos centros de educación secundaria e aos LERD os impresos para o aboamento das taxas e a relación de entidades bancarias en que os estudantes poderán realizar o ingreso.

-----